



CONVOCATORIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A ORGANIZACIÓN DE XORNADAS DIVULGATIVAS E CICLOS DE CONFERENCIAS (ANO 2023)

CARACTERÍSTICAS DA CONVOCATORIA

A Universidade da Coruña (UDC), co obxectivo de promover a difusión da cultura científica e dos coñecementos, publica a convocatoria do ano 2023 para a organización de xornadas divulgativas e ciclos de conferencias. As primeiras teñen como obxectivo a actualización de coñecementos sobre unha área determinada cunha estrutura de relatorios, mesas de debates ou obradoiros que se realizarán nun ou varios días consecutivos; os segundos consistirán en conferencias que terán lugar en distintas xornadas e nas que se abordarán asuntos dunha determinada temática por parte de persoas especializadas.

En ambos os casos as actividades propostas deberán ter carácter divulgativo e non estar vinculadas a ningunha outra actividade académica; estarán dirixidas a estudantes e ao público xeral, de modo que se diferencian tanto en obxectivos como en público da oferta de congresos simposios e reunións científicas.

Poderán participar tamén aquelas actividades que, cumprindo os requisitos, non precisen financiación, pero si queiran acollerse aos beneficios desta convocatoria; neste caso non computaría na limitación de solicitudes a presentar.

As actividades deberán desenvolverse durante o período comprendido entre febreiro e outubro de 2023. Exceptúase, agás solicitude razoada, o período comprendido entre o 1 e o 30 de xullo de 2023 por se corresponder con actividades de cursos de verán; aquelas actividades que non precisen financiación que poderán prolongar o seu desenvolvemento ata finais de 2023.

As xornadas divulgativas terán unha duración mínima de 8 horas e os ciclos de conferencias estarán compostos dun mínimo de 3 relatorios.

SOLICITANTES E DESTINATARIOS

Poderán solicitar esta colaboración económica tanto os departamentos, institutos ou centros da UDC –nestes casos a través da súa dirección – como o persoal docente e investigador que perciba as súas retribucións con cargo ao capítulo I dos orzamentos da UDC.

As solicitudes deberán presentarse no **modelo oficial**: <https://www.udc.gal/gl/occ/impresos/>

A financiación será para unha única actividade por solicitante ou solicitantes. Estes non poden figurar en máis dunha solicitude, agás as presentadas polos departamentos que terán limitado o número de solicitudes segundo establece o Anexo I.

PREFERENCIA:

- Dirección de centros

Código Seguro De Verificación	5sxGxR84BlxIL634ed1HQw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte - Cristina López Villar	Asinado	19/01/2023 13:43:06
Observacións		Páxina	1/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5sxGxR84BlxIL634ed1HQw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- Departamentos
- Institutos universitarios
- Persoal docente investigador

Valorarase o agrupamento deses ámbitos nunha soa solicitude.

As solicitudes dirixidas por docentes individuais deberán ter carácter interdepartamental, agás no caso de centros que non teñan ou só teñan un departamento; deben agrupar un número significativo de docentes da UDC asinantes da proposta, nunca inferior a dez e sempre con vinculación académica demostrable ao tema proposto.

Todas as solicitudes deberán levar o informe favorable do órgano ou órganos colexiados correspondentes no que se deberá constatar o seguinte: que os contidos da actividade proxectada complementan e non se sobrepoñen con ningunha actividade de ensino regrado ou título propio impartido; que tales contidos son acordes coa visión e a misión da UDC; e que o orzamento detallado da actividade indique o destino e uso da posible colaboración económica (honorarios de cada participante, posibles gastos de desprazamento e aloxamento, publicidade, financiamento externo e outros).

O responsable da partida orzamentaria será a persoa designada na solicitude (decano/a, director/a, director/a de Departamento ou de Instituto Universitario)

FINANCIAMENTO

A contía máxima da colaboración económica prevista para cada actividade será de 2000 €.

Esta colaboración finánciase con cargo á partida orzamentaria 1700170001.422D.226.06 VICD. No caso de que o importe total supere o orzamento asignado, limitarase a concesión ás solicitudes mellor puntuadas ata esgotar a cantidade total.

O gasto en material de promoción e agasallo poderá ser deducido da financiación concedida, en función do seu volume.

A totalidade de gastos xerados pola actividade deberán ser cubertos por esta colaboración xunto co financiamento alleo á UDC que se indique, incluídas as cotas de inscrición, de ser o caso.

Non se poderán cargar gastos de protocolo (xantares, bebidas). En ningún caso a colaboración económica será destinada ao pagamento do profesorado propio ou a pagamento de honorarios á dirección ou secretaría da actividade.

Será incompatible con outras colaboracións económicas concedidas dende a UDC para o mesmo fin.

COTAS DE INSCRICIÓN

Código Seguro De Verificación	5sxGxR84BlxIL634ed1HQw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte - Cristina López Villar	Asinado	19/01/2023 13:43:06
Observacións		Páxina	2/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5sxGxR84BlxIL634ed1HQw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- **Xornadas divulgativas:** non poderán superar os 50€ para os membros da UDC e para as persoas desempregadas. Para o resto de persoas a tarifa xeral non deberá exceder de 100€
- **Ciclos de conferencias:** non terán cota de matrícula.

No caso de que a xornada teña unha cota, efectuarase unha retención do 5% en concepto de custos indirectos.

A matriculación nestas actividades centralizarase na Sección de Extensión Universitaria, que remitirá as listaxes á persoa que realice os labores de dirección ou coordinación. Cada actividade disporá dun procedemento de avaliación de resultados que será facilitado pola Sección de Extensión Universitaria e que deberá ser devolto á mesma Sección.

O importe das cotas xerará crédito (coa retención indicada) xunto coa financiación concedida, na partida orzamentaria habilitada para a xornada; a Sección de Extensión Universitaria será a encargada de facilitar este trámite que tamén efectuará as actuacións de control necesarias.

Non se poderá destinar o importe total a un único gasto salvo coa autorización expresa da Comisión de Extensión Universitaria.

OBRIGAS DA ORGANIZACIÓN

No prazo de 10 días desde a publicación da resolución desta convocatoria, a dirección do curso enviaralle á Sección de Extensión Universitaria o programa definitivo, xunto coa confirmación de asistencia das persoas intervinientes.

As actividades financiadas deberán levarse a cabo até o 31 de outubro de 2023, coas limitacións indicadas no primeiro apartado desta convocatoria.

Correspóndelle á coordinación/dirección da actividade establecer os contidos, o profesorado e a organización; xestionará, ademais, a asistencia aos cursos e a posterior entrega de diplomas. De ser preciso, manterá comunicación coa Sección de Extensión Universitaria.

Todas as actividades incluírán no material de difusión e na súa publicidade o símbolo e logotipo da UDC e, de acordo cos convenios asinados por esta, os daqueles outros organismos que no seu caso se indiquen ás persoas organizadoras.

Unha vez rematada a actividade obxecto de financiamento deberase remitir á Sección de Extensión Universitaria, no prazo máximo dun mes dende o remate da actividade, unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas que conteña, como mínimo:

- a) Un resumo da actividade
- b) O programa final incluíndo relatores e relatorios
- c) O peche do orzamento coa relación de ingresos e gastos (Informe Documenta de Universitas XXI)

Código Seguro De Verificación	5sxGxR84BlxIL634ed1HQw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte - Cristina López Villar	Asinado	19/01/2023 13:43:06
Observacións		Páxina	3/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5sxGxR84BlxIL634ed1HQw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- d) A relación de ingresos obtidos como cota de pagamento dos asistentes
- e) A publicidade difundida
- f) Un informe de prensa e calquera outro aspecto que resulte de interese

Esta memoria debe axustarse ao modelo que se indica na páxina web:
<https://www.udc.gal/gl/occ/impresos/>

Calquera variación respecto da proposta presentada a esta convocatoria deberá ser notificada á Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte antes das datas programadas en primeira instancia para a súa autorización.

Aqueles/as solicitantes que teñan pendente a presentación da memoria de convocatorias anteriores quedan excluídos da adxudicación.

INCUMPRIMENTO

A renuncia, a falta de execución, a falta de presentación de memoria final noutra edición ou o uso da financiación concedida para un fin diferente ao declarado dará lugar á imposibilidade de concorrencia á convocatoria ou convocatorias posteriores. Calquera outro incumprimento destas normas poderá producir a incoación dun expediente para o reintegro parcial ou total.

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Serán criterios prioritarios de valoración, por esta orde:

- Grao de centralización da solicitude, tamén por esta orde: varios centros, un só centro, departamento(s) ou instituto(s).
- Concorrencia a convocatorias públicas e financiamento externo documentado.
- Duración da actividade.
- Alcance e carácter da actividade.
- Número de matrículas ou asistencia en convocatorias anteriores.
- Periodicidade.
- Publicacións derivadas de anteriores edicións.
- Grao de participación da UDC na organización e na utilización de medios e recursos propios.
- Interese xustificado e coherencia do programa.
- Xustificación e adecuación do orzamento previsto aos obxectivos propostos.

Non se terán en consideración as seguintes solicitudes:

- As que non sigan os modelos de solicitude que se indican na presente convocatoria.
- As que contén con outras colaboracións económicas desta ou doutra vicerreitoría da UDC, con independencia do nome con que se presenten.
- As actividades asimilables a cursos de formación ou de verán.
- As organizadas por cursos de mestrado, por títulos propios ou por centros adscritos.

Código Seguro De Verificación	5sxGxR84BlxIL634ed1HQw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte - Cristina López Villar	Asinado	19/01/2023 13:43:06
Observacións		Páxina	4/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5sxGxR84BlxIL634ed1HQw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- As solicitudes, individuais ou colectivas, que resulten duplicadas.
- As que demostren incoherencia entre o título e o perfil académico dos/as solicitantes.
- As que incumpriran as bases da convocatoria en exercicios anteriores.

No caso de coincidencia temática con outra proposta, entendida esta coincidencia por extenso, dado o carácter divulgativo das actividades, consideraranse como unha soa actividade.

A aquelas solicitudes que non acadaron xustificadamente os criterios de valoración indicados seralles minorado proporcionalmente o importe concedido en vindeiras convocatorias.

SELECCIÓN

A Comisión de Extensión Universitaria formulará á Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte a proposta de resolución, na que se detallará a relación de solicitantes aos que se lles concede a colaboración económica para o desenvolvemento da actividade.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

A solicitude presentarse no **modelo oficial** dispoñible no seguinte enderezo web: www.udc.gal/occ/impresos.

Dirixirse á Sección de Extensión Universitaria-Xornadas divulgativas e ciclos de conferencias no prazo de 15 días hábiles desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e presentarse por un dos seguintes medios:

- Preferentemente a través do Rexistro da Sede Electrónica da UDC: https://sede.udc.gal/services/telematic_register
- No Rexistro Xeral da UDC, nos rexistros auxiliares ou a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

RECOÑECIMENTO ACADÉMICO

En ningún caso poderán ter efectos curriculares en relación con calquera das titulacións oficiais da UDC, agás os créditos correspondentes co disposto na Resolución reitoral en que se establecen as actividades polas que se recoñecen créditos nos estudos de grao ao estudantado da UDC; neste caso, 1,5 créditos por cada 15 horas sempre que se asista ao 85 % das horas totais do curso.

Todas as persoas participantes que asistisen ao 85 % das sesións recibirán un diploma acreditativo. O control da asistencia é responsabilidade da organización do curso.

PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos

Código Seguro De Verificación	5sxGxR84BlxIL634ed1HQw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte - Cristina López Villar	Asinado	19/01/2023 13:43:06
Observacións		Páxina	5/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5sxGxR84BlxIL634ed1HQw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD.

A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD. A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, <<https://sede.udc.gal>>, no apartado “Outros trámites”;
- Mediante unha solicitude por escrito ao responsable do tratamento dos datos (Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico <rpd@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico <dpd@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte

Código Seguro De Verificación	5sxGxR84BlxIL634ed1HQw==	Estado	Asinado	Data e hora	19/01/2023 13:43:06
Asinado Por	Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte - Cristina López Villar	Páxina	6/8		
Observacións					
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5sxGxR84BlxIL634ed1HQw==				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				





Cristina López Villar (asinado dixitalmente)

CALENDARIO

RECEPCIÓN DE PROPOSTAS: 20 días hábiles desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

PROGRAMA DEFINITIVO: xunto coa confirmación da asistencia das persoas intervinientes: no prazo de 10 días unha vez publicada a resolución desta convocatoria.

Período comprendido entre febreiro e outubro agás do 1 ao 30 de xullo: datas de realización do curso

Prazo máximo dun mes dende o remate da actividade: data límite de entrega de memoria final á Sección de Extensión Universitaria.

O prazo de matrícula rematará 5 días antes do comezo de cada curso•

Código Seguro De Verificación	5sxGxR84BlxIL634ed1HQw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte - Cristina López Villar	Asinado	19/01/2023 13:43:06
Observacións		Páxina	7/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5sxGxR84BlxIL634ed1HQw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**ANEXO I**

Número máximo de solicitudes para o desenvolvemento de xornadas divulgativas e ciclos de conferencias que pode presentar cada departamento en función do censo de persoal docente e investigador adscrito:

DEPARTAMENTO	NÚMERO DE SOLICITUDES
Bioloxía	2
Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas	2
Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña	1
Ciencias da Saúde	2
Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información	5
Construcións e Estructuras Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas	2
Dereito Privado	2
Dereito Público	2
Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	1
Economía	3
Educación Física e Deportiva	2
Empresa	2
Enxeñaría Civil	2
Enxeñaría de Computadores	2
Enxeñaría Industrial	1
Enxeñaría Naval e Industrial	2
Expresión Gráfica Arquitectónica	1
Física e Ciencias da Terra	1
Humanidades	1
Letras	3
Matemáticas	3
Pedagogía e Didáctica	2
Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición	2
Psicoloxía	2
Química	3
Socioloxía e Ciencias da Comunicación	2

Código Seguro De Verificación	5sxGxR84BlxIL634ed1HQw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte - Cristina López Villar	Asinado	19/01/2023 13:43:06
Observacións		Páxina	8/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5sxGxR84BlxIL634ed1HQw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

